

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
15 DE XUÑO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan A. Maceiras Barros

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don Antonio Medín Pena

Don José María Laya Carril

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretario

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas e dez minutos do día quince de xuño de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don José María Laya Carril; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión a concelleira dona Eva María Vilariño González.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 11 de maio de 2006, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, números 389/06 ao 635/06, as cales estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión.

3.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2005.- Dada conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta xeral do exercicio 2005, na que se inclúen as correspondentes contas, balances, anexos e os seus xustificantes.

Vistos os informes favorables, o ditame da Comisión de Facenda, e a certificación do resultado da exposición ao público no taboleiro de edictos e BOP, sen que durante o prazo de exposición pública se presentase reclamación de ningunha clase.

O Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abreira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril e nove votos a favor dos restantes membros da Corporación que asisten á sesión, polo tanto co quórum que esixe o art. 460 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, acorda a aprobación da Conta xeral deste Concello correspondente ao exercicio de 2005.

4.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2006.- Ao non consignarse por erro unhas subvencións nominativas que este Concello ano tras ano vénlle concedendo á Comisión de Festas de San Xoán de Vilanova e á Comisión de Festas de Bañobre para a romaría de San Paio no mes de agosto, e sen embargo consignouse unha subvención á Comisión de Festas de Leiro que non procedía. De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do

Concello, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril, a abstención do concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, e nove votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Modificar as BEO do exercicio 2006 e en concreto o anexo I onde se indica a relación nominal de subvencións nominativas de maneira que quedan reflectidas as subvencións nominativas á Comisión de Festas de San Xoán de Vilanova e á Comisión de Festas de Bañobre por un importe de 1.350,00 euros cada unha.

2º.- Dar de baixa a subvención nominativa consignada a favor da Comisión de Festas de Leiro, por un importe de 1.350,00 euros.

Como consecuencia da modificación citada, o anexo I no apartado 2º quedaría como segue:

2º.- Con cargo á partida 2006/451/489.00, 451/48901; 451/48902 e 451/489.07, que contan cun crédito global de 50.950,00 €, aboaranse as seguintes subvencións:

Ente subvencionado	Importe máximo
- Convenio AA VV Xarío	5.000,00 €
- Convenio AA VV A Irmandade	8.000,00 €
- Convenio AA VV Anduriña	2.500,00 €
- Convenio AA VV San Paio de Bañobre	2.500,00 €
- Convenio Local Social de Carantoña	2.500,00 €
- Convenios con Comisións de Festas de Perbes para festa parroquial	1.350,00 €
- Convenios con Comisións de Festas de Calobre para festa parroquial.	1.350,00
- Convenios con Comisións de Festas de Bemantes para festa parroquial.	1.350,00
- Convenios con Comisións de Festas de Ponte do Porco para festa parroquial.	1.350,00
- Convenios con Comisións de Festas de Carantoña para festa parroquial.	1.350,00
- Convenios con Comisións de Festas de Castro para festa parroquial.	1.350,00
- Convenios Comisión de Festas de Miño para organización de festas de San Pedro	18.000,00 €
- Convenio coa Confraría de Pescadores de Miño para a organización de Festas do Carne	3.000,00 €
- Convenio con Comisión de Festexos de San Xoán de Vilanova	1.350,00 €
- Convenio con Comisión de Festexos de Bañobre	1.350,00 €

3º. Publicar este acordo no BOP durante o prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinar o documento e presentar as reclamacións que estimen procedentes.

4º. Se non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a modificación.

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado manifestou que votaba en contra xa que non estaba de acordo en que se anulase a subvención á Comisión de Festas de Leiro e esta cantidade debería gastarse nesta parroquia aínda que sexa noutros festexos.

5.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/06.- Examinado o expediente de suplementos de créditos núm. 2/06 cuxas causas e razóns constan na memoria unida ao expediente.

Vistos os informes favorables e certificados unidos da Intervención municipal, de conformidade co ditame da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado e once votos a favor, acorda:

1º. Aprobar o expediente núm. 02/2006 de suplemento de créditos por un importe global de 6.500,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

Partida	Denominación	Importe
911/489.00	Transferencias a outras administracións públicas. Outras transferencias	6.500,00 €
Total		6.500,00 €

2º. Financiar o expediente núm. 2/2006 de suplemento de créditos mediante remanente líquido da Tesourería para gastos xerais.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL 2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

6.- EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS 1/06.- Dada conta do expediente tramitado para a baixa por anulación de crédito no Orzamento do exercicio 2006 por importe de 811.000,00 euros, na partida 511/611.00 polos motivos que se expoñen na memoria unida ao expediente.

Vistos os informes favorables da Intervención municipal e de conformidade co ditame da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril, que suman dous votos e dez votos a favor, acorda:

1º. Aprobar o expediente núm. 01/2006 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 811.000,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

Partida cuxos créditos se minoran: 511/611.00

Concepto cuxas previsións se minoran: 397/01

2º.- Unha vez aprobada esta modificación, o proxecto 09 'Remodelación da rúa principal de Miño' quedaría como segue:

	Concepto/partida	Importe/€
Ingresos	397.00	189.000,00
	917.02	811.000,00
Gastos	511/611.00	1.000.000,00

O Sr. Abraira, concelleiro do BNG, sinalou que votaba en contra, xa que van destinar catro ou seis millóns de euros en catro anualidades e isto significa anular a posibilidade de investimentos do Concello. Díxosenos que nos sobran os cartos e agora resulta que temos que sacalos doutras partidas; hai defectos que queren arranxar con esta modificación, que hai uns días convocouse o concurso para esta obra e resulta que non tiña financiamento, isto non é un goberno, é un desgobierno.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas manifestou que o meu voto era favorable por entender que isto sería de interese para Miño e que está tendo un crecemento e necesita que se melloren os servizos.

A Presidencia sinalou que estamos esperando o ingreso dun canon de seis millóns de euros pola urbanización de Piñeiro, o que facemos é intentar adiantar a execución das obras, e todo o mundo sabe que teríamos financiamento de sobra para todas elas.

Replica o concelleiro do BNG Sr. Abraira que non se entenden as présas, e que no propio concurso deixábase claro que no caso de que non houbera cesión do Ministerio de Fomento, titular da estrada, non se podería realizar a obra.

Contesta a Presidencia que unha cousa é a autorización e outra é o cambio de titularidade da rúa que xa solicitou o Pleno, e estamos realizando as xestións pertinentes que temos avanzadas, para que se nos autoricen as obras.

7.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS E DO ESTADO DA DÉBEDA DO EXERCICIO 2006.- Visto o expediente tramitado para modificar o anexo de investimentos do exercicio 2006 e modificación do estado da débeda deste exercicio 2006.

De conformidade co ditame da Comisión de Facenda e o informe da interventora municipal, o Pleno do Concello, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril, que suman dous votos e dez votos a favor dos asistentes á sesión acorda:

1º.- Modificar o anexo de investimentos no sentido seguinte:

Modificar o réxime de financiamento e a contía do proxecto de gastos con financiamento afectado "2006-09 Remodelación da rúa principal de Miño A Carreira, financiándose en 811.000,00 euros cos recurso procedentes da operación de crédito a longo prazo concertada con BCL e quedando reducida a contía deste unha vez aprobada a anulación de créditos a 1.000.000,00 euros

2º.- Modificar o estado da débeda do exercicio 2006, incorporando a este a operación concertada co BCL por importe de 811.000,00 euros, prazo de amortización 18 anos e 1 de carencia ao tipo de interese do 4,39 %.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á súa exposición pública por quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP e taboleiro de edictos do Concello.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presentaran reclamacións.

8.- BASES PARA CONCERTAR UNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO.- Visto o expediente tramitado para concertar unha operación de crédito a longo prazo por importe de 3.725.276,50 euros.

De conformidade co ditame favorable da Comisión de Facenda e o informe da Intervención, o Pleno do Concello por unanimidade acorda:

1º.- Iniciar un expediente de concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 3.725.276,50 euros, cun período de amortización previsto de 22 anos e dous de carencia para financiar os seguintes investimentos:

1. Obra de camiño de Fondal-polideportivas.....	280.682,27 €
2. Obra de camiño de A Besada-Hombre	58.482,00 €
3. Obra de beirarrúas na travesía de Perbes-Buíña	583.072,13 €
4. Obra de beirarrúas en Bañobre	165.483,00 €
5. Obra de urbanización da rúa Regueiro	85.870,00 €
6. Obra de beirarrúas na Torre-Sombreu	220.336,43 €
7. Obra de reparación de camiños en Perbes	59.500,00 €
8. Obra de beirarrúas en Brea (Callobre)	78.00,00 €
9. Obra de cuberta de pista de Bemantes	193.923,65 €
10. Obra de instalacións de alumeadado público en parroquias ...	240.000,00 €
11. Obras de parques en Carantoña, Viadeiro e Perbes	60.000,00 €
12. Obra de afirmado de camiños en Bañobre	44.095,00 €
13. Obra de reparación de camiños en Carantoña	57.297,00 €
14. Obra de saneamento na Besada	23.705,00 €
15. Obra de camiño de Bermaño	252.283,27 €
16. Obra de camiño de Candá (Viadeiro)	138.136,56 €
17. Obra de instalación do alumeadado no campo de fútbol	50.000,00 €
18. Obra de afirmado de camiños en Callobre e Bemantes	35.454,19 €
19. Obra de afirmado de camiños en Perbes	53.438,00 €

20. Obra de afirmado de camiños en San Xoán	30.768,00 €
21. Obra de saneamento do Concello de Miño (anualidade 2006)	1.000.000 €
22. Obra de reparación do camiño da Regueira	14.750,00 €

2º.- Aprobar as bases que rexerán a concertación desta operación de préstamo, que se unen ao expediente.

3º.- Que se proceda a invitar a todas as entidades financeiras da praza, así como ao Banco de Crédito Local, para que procedan a presentar as súas ofertas dentro do prazo previsto nas bases.

O Sr. Abraira, concelleiro do BNG manifestou: empeza a campaña electoral e isto terán que pagalo os nosos fillos, as próximas corporacións terán que pagar este préstamo e desta sinatura redúcese ou anúlase a posibilidade de investimentos doutras corporacións.

A Presidencia responde: non hai máis xordo que o que non quere oír, como xa dixen anteriormente, este crédito é para adiantar as obras que son moi necesarias para o Concello e non imos ter ningún problema en cancelar o préstamo, o mesmo antes de que se cumpra o prazo de vencemento e isto temos que facelo os que non recibimos ningunha axuda da Xunta.

9.- TARXETA DE ESTACIONAMENTO.- Durante os meses de verán todos os anos temos grandes problemas para aparcas nas zonas das praias, especialmente na praia Grande de Miño e na praia de Perbes. Isto é debido a que unha grande cantidade de persoas se desprazan a estas praias, o cal supón un evidente prexuízo para os residentes no municipio, que pagan os seus impostos neste Concello e non poden utilizar estes lugares como sería o seu desexo.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e aínda recoñecendo que o uso dos bens públicos debe de ser xeral, pero tendo unha superficie pechada e dous terreos que se arrendarán na zona de Perbes, que se veñen utilizando como aparcadoiros durante os meses de verán, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira do BNG e Laya Carril, e dez votos a favor, acorda que se proporcione a cada vehículo incluído no padrón de vehículos de tracción mecánica deste Concello, unha tarxeta gratuíta de estacionamento para o campo de fútbol, terreo pechado na praia Grande e dous terreos arrendados nas proximidades da praia de Perbes, durante os meses de verán dende o 15 de xuño ata o 30 de setembro de 2006, aparcadoiros que estarán controlados e vixiados por persoal municipal.

O concelleiro Sr Abraira do BNG manifestou que se absteña neste asunto por estimar que as praias e os seus servizos deben ser o noso motor económico e deben ser utilizadas non soamente polos veciños e os que nos visitan, senón tamén polos que teñen unha segunda vivenda neste municipio, xa que son o factor económico máis importante para o crecemento do municipio, continúa, hai unha poboación fluctuante moi importante que contribúe a crear riqueza pola súa utilización dos servizos, principalmente os de hostalería e debemos coidala e non crearlle problemas e as praias deben ser para que todos as utilicen e gocen delas, e non frear as expectativas.

O concelleiro Sr. Cortizas do PSG-PSOE sinalou que o seu voto era favorable, xa que os veciños que pagan os seus impostos neste Concello deben ter algunhas prioridades.

10.- CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN NA EXECUCIÓN URBANÍSTICA DO SECTOR R-3 (PIÑEIRO) DO PXOM.- Dáse lectura íntegra á seguinte proposta da Comisión Informativa Especial creada para o Desenvolvemento Urbanístico do Sector R-3 (Piñeiro).- “Visto o escrito que presentan conxuntamente coa data do 30 de maio de 2006, Mariano Martínez Toral, en nome e representación

da entidade mercantil Vallehermoso División Promoción S.A.U e Fernando Copa Martínez, en nome e representación da entidade mercantil Promociones Areal S.A., solicitando como propietarias de terreos incluídos no ámbito de actuación do Sector R-3 (Piñeiro) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Miño:

Que se teña por presentado este escrito e documentos que o acompañan, téñase por instado o cambio de sistema, por canto se comprometeu de maneira expresa a presentar o Plan parcial do sector de acordo coa proposta contida na oferta seleccionada como máis vantaxosa e a executar a ordenación nos prazos e condicións propostos nesta, así como a asumir todas as obrigas que resultan da dita proposta, a excepción do pagamento do canon, que será substituído pola cesión ao Concello do aproveitamento non susceptible de adquisición polos propietarios, todo iso de acordo co disposto na cláusula décimo sétima do prego de condicións particulares que rexeu o concurso e, en consecuencia, acorde ese Concello.

a) A adopción do sistema de compensación como sistema de execución para o ámbito de actuación do sector de vivenda plurifamiliar, Piñeiro (S. UBLE R-3) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Miño, substituíndo o de expropiación inicialmente previsto.

b) A entrega ou posta á súa disposición da documentación necesaria e demais elementos informativos precisos que teña esa Administración ou considere procedentes a fin de que poidan redactar o Plan parcial e dar cumprimento ás demais obrigas do planeamento de detalle e de execución que resulten naquela proposta, e

c) A comunicación da cantidade que ao titular da oferta considerada como máis vantaxosa haberán de reintegrarse en concepto de gastos documentalmente acreditados por el como consecuencia da presentación da súa proposta de ordenación e o prazo para o seu pagamento.

Vistos os informes dos técnicos municipais coa data do 9-06-2006 nos que sinalan que a superficie, segundo o catastro, dos predios relacionados na solicitude presentada o día 30 de maio de 2006 polos asinantes do escrito, alcanza un total de 55.892 m² aos que se deben sumar a superficie de 4.033 m² dos predios inscritos, que dá un total de 59.995 m², que representa o 40,60% da superficie do sector, inferior polo tanto ao 50% da superficie esixida polo art. 155.1 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Por outra parte, ha de terse en conta que unha das empresas que subscriben a solicitude (Vallehermoso División y Promoción SAU) e precisamente a que presenta máis propiedade das dúas, foi unha das que se presentou ao concurso para a adxudicación do desenvolvemento urbanístico do sector, que non gañou, polo que admitir a posibilidade de que poida instar agora o cambio de sistema e obter así o que non se lle adxudicou no proceso de licitación, supón unha desnaturalización das previsións do prego de condicións que rexeu a adxudicación do concurso e iso por dúas razóns, por unha banda porque a precisión da cláusula 17 estaba pensada para os propietarios orixinais do sector e non para terceiros que puideron adquirir os terreos con posterioridade ao inicio da licitación, e por outra banda, porque supón un certo fraude das previsións do concurso, na medida en que suporía obter pola vía do cambio de sistema o que non se puido obter no concurso.

Para o Concello que debe velar polo interese xeral dentro da legalidade é máis importante e beneficiosa a axilidade e rapidez no desenvolvemento urbanístico deste sector, e se se aceptara o cambio de sistema, iso suporía un atraso considerable, xa que habería que presentar o proxecto de estatutos da xunta de compensación e das bases de actuación e segundo a tramitación que impón a Lei 9/02.

A Comisión, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, proponlle ao Pleno do Concello que acorde desestimar a petición presentada e non acceder polas razóns expostas á solicitude de cambio de sistema.”

O Pleno do Concello, co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira do BNG e Laya Carril, e dez votos a favor dos demais membros da Corporación asistentes á

sesión, acorda desestimar a petición presentada para o cambio de sistema polas razóns expostas, ratificando a proposta da Comisión en todas as súas partes.

O concelleiro representante do BNG Sr. Abraira Sobrado pediu que quedara sobre a mesa este asunto por non ter toda a documentación no expediente e estar incompleto. O Sr. Cortizas do PSG-PSOE sinalou que esta empresa non acreditou posuír a superficie suficiente, polo que debe desestimarse a súa petición.

A Presidencia indica que son os técnicos os que teñen que emitir os informes ao respecto, e segundo estes, non chega ao 50% da titularidade da superficie do ámbito do sector, e di, quero resaltar que o informe ao que se refire o BNG é para que coñecese que está claro que non se pode aceptar o cambio de sistema, xa que ao non cumprir os requisitos a empresa, non é preceptivo. Replica o Sr. Abraira que solicitou un informe relativo ao que fixo o Sr. Ron que se dicía dun listado e que non se lle entregou ata hoxe antes de entrar a esta sesión e ten data do 14 de xuño e é o día 12 de xuño cando se reuniu a Comisión e fíxose a proposta e é o día de hoxe cando se fai outro informe que sinala as superficies e estes informes non figuraban no expediente. A Presidencia responde que aplaude a teatralidade en que se manifesta, eu non cambiei ningún tipo de informe, pero en ningún caso alcanza a empresa que pide o cambio de sistema o 50% da propiedade do ámbito.

Somete a votación a petición do concelleiro Sr. Abraira de retirar este expediente de acordo co que determina o art. 92 do ROF e fano a favor os concelleiros Sres. Abraira don BNG e Laya Carril, que suman dous votos e en contra os dez membros restantes que asisten á sesión, polo que continúa o debate e posterior votación sobre este asunto.

O Sr. Abraira Sobrado manifesta que se presenta un expediente manipulado, que se pode apreciar polas datas dos informes, hai un informe cunha medición das empresas que non coincide coa do Concello, eu creo, continúa, que son empresas importantes e consolidadas e é de pensar que non pedirían un cambio de sistema se non tiveran a superficie suficiente, supoño que terán algún medio de probar que teñen máis do 50% da superficie; o Sr. Ron non comete ningún delito, non se está apoiando en ningún informe definitivo, pero entendo que isto debería ser emitido pola oficina do Catastro de Facenda e sabemos que estas medicións do catastro non sempre concordan coa realidade, pero a superficie que figura no Rexistro de Propiedade é a que ten que prevalecer sobre o catastro e debía haber un listado no que figurasen todas as superficies e entregáronme este documento hoxe, non uniron ao expediente un documento que acredite a superficie e non digo que o Sr. Ron non estea dicindo a verdade, pero Vdes. non a din. A outra motivación é que houbo veciños que solicitaron o cambio de sistema e non se lles fixo caso, nin sequera lles contestaron; o feito de que se participe nun concurso, enténdese que todos aceptan as bases deste e como o prego que se aprobou, co voto en contra do BNG, debe cumprirse, non se pode aplicar en democracia diferencias que agora se tentan enmascarar, cando unha das empresas da Piñeiro está implicada no escándalo da Deputación de Lugo. A Presidencia pídelle ao secretario que conste na acta esta manifestación por se a empresa desexa interpoñer algunha acción xudicial.

O Sr. Cortizas do PSG-PSOE sinala que o seu grupo está de acordo co desenvolvemento urbanístico de Piñeiro, xa que grazas a estas actuación subiron os prezos dos terreos, no prego establécese que os propietarios poden pedir o cambio de sistema e así o indica a cláusula 17 do prego que, supoño, obrará no seu poder e eu entendo a súa postura, eu o que si teño claro é que non traballa polo interese xeral de Miño.

A Presidencia sinala, dirixíndose ao concelleiro do BNG, vostede di que esa empresa á que defende adoptará as medidas legais que sexan precisas. Esta é unha UTE con tres empresas que non tiveron nin unha soa obra da Deputación de Lugo. Vostede defende unha empresa que paga polos terreos menos que a que gañou o concurso, cun prexuízo evidente para os propietarios, temos informes que acreditan

que teñen menos do 50% e a Secretaría foi moi clara cando sinala que non se pode gañar o concurso pola vía de atrás, elíxese a mellor para este Concello, que é a UTE, este tema foi levado correctamente e coa maior escrupulosidade, asesorados por técnicos moi competentes e a súa postura non é defendible. Replica o Sr. Abraira dicindo, vólvese mentir, di que houbo unha empresa que empezou facendo trampa, comprando terreos a uns prezos moito máis baixos. A Presidencia sinala que está dicindo o que eu non dixen, e o Sr. Abraira insiste, esta empresa está implicada en negocios co presidente da Deputación de Lugo e tamén outras empresas como Fadesa, comprou terreos e non está recollido no prego de condicións que as empresas non podían pedir o cambio de sistema; voto en contra, porque o modelo que ten este alcalde do municipio, non coincide para nada co Concello que nós queremos. A Presidencia indica: vostede contradíse, non sabe o que quere, sabe moi ben organizar manifestacións ou Santa Compañía, pero nada máis, e somete a votación a proposta da Comisión Informativa co resultado xa sinalado, dous votos en contra dos concelleiros Sres. Abraira do BNG e Laya Carril e dez votos a favor.

11.- ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN PARA A EXECUCIÓN URBANÍSTICA DO SECTOR R-3 (PIÑEIRO) DO PXOM.- Dáse lectura íntegra á seguinte proposta da Comisión informativa especial creada para este tema: "Visto o expediente tramitado para a adxudicación mediante concurso público e procedemento aberto, da concesión para o desenvolvemento urbanístico do sector R-3 (Piñeiro) do PXOM.

Efectuáronse a preceptivas publicacións, unha vez determinadas na normativa urbanística o sistema de actuación e aprobouse o prego de condicións polo Pleno do Concello na sesión do día 30 de setembro de 2005, os anuncios da convocatoria foron expostos no taboleiro de edictos do Concello, no DOUE núm. 201 do día 18/10/2005, DOGA núm. 213 do día 7/11/2005, BOE núm. 267 do 8/11/2005 e xornal *La Voz de Galicia* do 11/10/2005.

Durante o prazo hábil de presentación de proposición, presentáronse ODEGAL S.L., Lucus Urban S.L. e J. Constantino Núñez S.L., constituídas en UTE; Vallehermoso División Promoción S.A.U. e Fadesa Inmobiliaria S.A. e todas elas foron admitidas, ao cumprir os requisitos esixidos no prego de condicións, e a mesa de contratación, na reunión celebrada o día 13/02/2006, cos tres técnicos nomeados para asesorala e unha vez que estes explican detalladamente as características dos tres proxectos presentados e os aspectos que as empresas tiveron que cumprir e realizado un informe explicativo; a mesa, na reunión celebrada o día 17/02/2006, propón a adxudicación a favor das empresas Odegal S.L.- Lucus Urban S.L.- J. Constantino Núñez S.L., constituídas en UTE, polo que en harmonía con esta proposta, a Comisión Informativa co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, proponlle ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar a concesión para o desenvolvemento urbanístico do sector do solo urbanizable núm. 3 (Piñeiro) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Miño ás empresas Odegal S.L., Lucus Urban S.L. e J. Constantino Núñez S.L., constituídas en UTE, as cales quedan obrigadas solidariamente ante este Concello, e debe nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa, como establece o art. 24 da Lei de contratos das administracións públicas. Esta adxudicación ten as seguintes prescricións, segundo a oferta da adxudicataria:

Oferta conxunta ao Concello de 26.034.808,21 euros, formada por:

- 1.- Canon urbanístico de 6.000.000,00 €
- 2.- Custo estimado das obras de urbanización interior de 9.800.000,00 €

3.- Reintegrar a Fadesa S.A. a cantidade de 669.494,00 €, en concepto de gastos adiantados por eles no sector R.D. para o custeamento de infraestruturas e actuacións exteriores ao sector.

4.- Obras de melloras na rede de sumidoiros, pluviais e ampliación da EDAR da Ponte Baxoi de 1.600.000,00 €

5.- Obras de melloras na rede de abastecemento de auga de 1.115.000,00 €

6.- Obra de apertura e afirmado de vía Raxel-Rabazal, valorado en 250.000,00 €

7.- Área recreativa-deportiva da Galea, valorada en 550.000,00 € a fase 1, 425.000,00 € a fase 2 e 450.000,00 € a última fase.

Serán a cargo do concesionario da actuación todas as obras de urbanización precisas (abastecemento de auga, saneamento, iluminación pública e vías públicas) interiores e de conexión do ámbito coa estrutura exterior, tanto as de nova creación como as de reforzo de infraestruturas xa existentes.

Segundo.- Que se lle notifique á adxudicataria formada polas empresas Odegal S.L., Lucus Urban S.L. e J. Constantino Núñez S.L., constituídas en UTE, dentro do prazo de dez días estes acordos de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días contados dende que lle notifique a adxudicación, sexa citado para que concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

Terceiro.- Que se lles devolvan as garantías provisionais ás empresas que se presentaron, agás á adxudicataria, ata que non presente a garantía definitiva.

Cuarto.- Publíquese a adxudicación no Boletín Oficial da Provincia no prazo de corenta e oito días, contados dende a data de adxudicación do contrato.”

Sometida a votación esta proposta, vota en contra o concelleiro Sr. Abaira do BNG, abstense o Sr. Laya Carril e votan a favor os dez membros restantes que asisten á sesión, polo que queda aprobada a adxudicación nos termos e condicións sinaladas.

O concelleiro do BNG Abaira Sobrado sinalou que pode que eu teña unha “teima”, pois non estou de acordo coa súa política, pero o delegado de Política Territorial ten aberta unha investigación polas actuacións urbanísticas en Miño, incluso, di, sae na prensa nacional, viu dende Madrid un xornalista de *Interviu* a entrevistarse e sairá proximamente, é moi importante que se dea a coñecer a maneira de actuar de vostedes nas prensa estatal e local.

O Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE manifesta, dirixíndose ao sr. Abaira, é vostede especialista en poñerse en contacto cos medios de comunicación e como non ten argumentos, o que fai é meter *cizaña*, isto non é unha Marbella nin o será nunca, imos votar favorablemente, porque somos conscientes que este proxecto, polos informes técnicos que se emitiron, é o mellor e se alguén o pon en dúbida terá que demostralo.

A Presidencia sinala: Sr. Abaira, é unha auténtica vergoña o que está facendo en contra dos intereses deste Concello, é unha vergonza pública para o Concello o que está facendo con este municipio, ata contactaron cun señor de Sada para tentar facer aquí o mesmo que conseguiron alí, suspender o planeamento e debe saber que con esas actuacións, o que conseguiron é pechar oito establecementos de hostalería, ao día de hoxe non temos nin unha soa comunicación da Xunta que sinala que actuamos en contra das normas urbanísticas aprobadas e dende o ano 2002, no que se aprobou o PXOM de Miño, todos os habitantes deste municipio saben o que poden facer ou non cos terreos, temas como o de Piñeiro que teñen unha grande importancia para o municipio a vostede dálle igual ensuciar ou empezoñar a persoas honorables tanto de fóra como a membros desta Corporación. Replica o Sr. Abaira, está vostede pensando nas eleccións, o tema de Sada foi que a Xunta paralizou o planeamento pola forma na que se executaba e rapidamente publicáronse unhas normas urbanísticas e os veciños saben o que poden facer coas súas propiedades, aquí pola súa política os propietarios de Piñeiro non lles quedou máis remedio que vender os seus predios ao prezo que ofrecían estas empresas e hai outras empresas que tamén

poden extraer o petróleo e que quizais é máis beneficioso para os veciños e así non terían que facer manifestacións contra vostedes.

A Presidencia indica que non sei o está defendendo, nós defendemos a empresa que mellor paga e gañou o concurso, e dá lectura ao seguinte: “Poucas veces unha decisión administrativa adquirirá tal carga de razón xurídica, política e moral como a que hoxe debatemos con respecto a Piñeiro. Debo lembrar a modo de resumo algúns feitos que fan que esta afirmación sexa incuestionable.

En primeiro lugar, Piñeiro era un solo urbanizable que dende había moitos anos, ninguén tivera a coraxe ou a visión política de afrontar o seu desenvolvemento. Cando tomei a decisión de afrontar isto, algúns membros desta corporación pensaban que a pesar de ser conveniente para o noso municipio, tería un custe persoal e político que desaconsellaba a dita decisión. Hei de dicir que ata o Sr. Abreira un día me comentou con certa sorna que isto íao el aproveitar para “darme caña”. Como é natural, o que me preguntei era se o noso municipio necesitaba o proxecto, e como iso é incuestionable, a miña obriga era desenvolverlo.

Piñeiro era un solo urbanizable que no Plan xeral estaba como delimitado para desenvolver como expropiación. Lembro a todos que na redacción do Plan xeral do 2002, un grupo, o que pretendía era deixalo como zona verde, é dicir, sen maneira de obter plusvalía ningunha, non só para o Concello, senón para os propietarios do solo.

Lembro a todos, que unha vez decidido isto, creamos unha comisión para redactar un prego, onde estiveran representados todos os grupos políticos e existise unha total transparencia. No desenvolvemento da dita comisión, o Sr. Abreira chegou nunha comisión a asinar algo e no Pleno posterior a desdicirse, sen dúbida porque os que mandan no BNG así llo impuxeron. Chegou a presentar a súa dimisión de dita comisión, pero pese a todo, ata o final, tentei que todos os grupos estivesen representados nesta, e por iso, aínda despois de presentar dita dimisión nun Pleno, inviteino a estar presente na última, a que decidiu traer a Pleno a proposta de adjudicación final, aínda que fora só para tentar entorpecer o seu desenvolvemento. Teño especial interese que o día de mañá, o día que as obras estean realizadas, quede claro quen puxo trabas e tentou dinamitar o desenvolvemento de Piñeiro e quen, como os representantes do grupo de goberno e o propio PSOE, adoptaron unha posición seria e responsable, comprometida co desenvolvemento do noso municipio. Non me estraña todo isto, ao fin e ao cabo, os coroneis da UPG que seguen tendo grande influencia no BNG actual, son os mesmos que no seu día berraban aos 4 ventos AUTOESTRADAS NON e afirmaban con teatralidade que “autoestrada é unha navallada no corazón de galiza”.

Despois de moitos debates nos que sempre afirmei que o importante era acertar coa obra a realizar e que os propietarios cobrasen polo solo o que realmente valía, algúns chegaron a dicir que o Concello debía poñer prezo polo solo. Recibín os membros da comisión de afectados e a eles díxenlles o mesmo que con posterioridade dixen no Pleno do 15 de decembro de 2005, dixen que era aconsellable que ninguén vendese ata coñecer a obra gañadora, que sería despois cando se debería poñer prezo. Outros, como o Sr. Abreira, chegaron a dicir que o Concello debía comprometerse a que o prezo do terreo nunca baixase das 7.000 pta/m². Como é natural, dado que había empresas que xa ofrecían ese prezo, comprometinme a que nunca baixaría diso, pero afirmei que non debíamos poñer prezo ata saber o que as empresas realmente podían pagar.

Mentres tanto unhas empresas chegaron ao municipio co lóxico afán especulativo e comezaron a comprar, pese a que o Concello sempre dixo que iso non era bo, posto que así uns cobrarían a un prezo e outros a outro. Pese ás nosas recomendacións, algunha empresas fixeron o seu agosto, comprando a 5.000 a 6.000 e 7.000, e hai que dicir que unha desas empresas é a que agora presenta xunto a Vallehermoso a solicitude de cambio de sistema. Algúns propietarios venderon, convencidos de que facían o correcto e non poden máis que lamentalo, posto que a

plusvalía dos terreos debía de quedar nas súas mans e non na de empresas que compraron ao comezo.

Con posterioridade, unha comisión de propietarios de Piñeiro, facendo valer un lexítimo dereito, logra un acordo, para eles favorable naquel momento, coa empresa Vallehermoso para asinar unhas opcións de compra ao valor de 14.000/m².

Debemos resaltar que na dita opción de compra, a redacción inicial viña a dicir que o vendedor estaba obrigado a escriturar en 40 días desde que a empresa Vallehermoso resultase adxudicataria do concurso ou ben, o Concello lles concedese o cambio de sistema. Nada que dicir a ditas opcións, se acaso a sorpresa que nos causou ao equipo de goberno o feito de que o avogado que representaba a comisión de afectados era a mesma persoa que a que representaba a empresa.

Ao final, tras os informes pertinentes emitidos por técnicos independentes e de recoñecido prestixio, o proxecto asinado polas empresas de Lugo constituídas en UTE, gaña o concurso e con posterioridade esta empresa, que non posuía terreos, decide comprara o terreo que fose a 20.000/m². É dicir, hai unha empresa que presenta o mellor proxecto, ofrécelle ao Concello un canon de 6000000 euros e 4,5 millóns de euros en obras, ademais paga ata 6.000 pta/m² máis do que ofreceu Vallehermoso, e pese a todo (non se entende) hai persoas que din que o Concello obrou mal. Ao meu xuízo obraron mal aqueles que pese a que as opción de compra asinadas polos propietarios e Vallehermoso poderían non obrigar a escriturar aos propietarios, posto que ningunha das 2 condicións contractuais se cumprían, é dicir, nin Vallehermoso resultou gañador do concurso, nin o Concello concedera o cambio de sistema. Pois ben, pese a isto, algúns empechináronse en que os asinantes das opcións de compra as fixesen efectivas con Vallehermoso, e así perderon 6.000 pta/m².

Eles saberán que é o que os motivou a iso. Cústame crer que fose tratar de conseguir o mellor para os seus representados. Algúns durante este proceso comportáronse con tal infamia que incluso afirmaron que un concelleiro da nosa corporación dispoñía de 10.000 m² e que o alcalde xa estaba comprometido con Fadesa para que resultase gañadora do concurso. Todos o oíron e non é o momento agora de mirar para outro lado. Esa infamia é típica dos que actúan con covardía escudados no rumor, na maledicencia e no resentimento. Alá eles.

Por último. Adxudícaselle hoxe ás empresas de Lugo constituídas en UTE o desenvolvemento de Piñeiro tras realizar un esforzo de deseño construtivo e de coraxe empresarial. A miña felicitación por iso e o meu agradecemento a todos aqueles que fixeron posible este logro para o noso municipio.”

Somete a votación a proposta da Comisión, e votan en contra o concelleiro Sr. Abreira do BNG, abstense o Sr. Laya Carril, e votan a favor os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda aprobada a proposta da Comisión nos seus propios termos, como se sinalou anteriormente.

12.- PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN DE CATRO CAFETERÍAS NA PRAIA GRANDE DE MIÑO.- Retírase da orde do día este asunto para completar o expediente con novos informes.

13.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura ao seguinte escrito: “No acordo asinado no mes de outubro do 2005, polos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais, e Agricultura, Pesca e Alimentación, coas organizacións profesionais agrarias, establecíanse medidas positivas que beneficiaran aos cotitulares de explotacións agrarias, a través de reducións temporais nas cotización á Seguridade Social, co fin de propiciar tamén no sector agrario, mecanismos que favorezan a igualdade entre homes e mulleres.

Na disposición adicional cuadraxésimo novena de Lei 30/2005, do 29 de decembro, dos Orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, recolleuse **a redución, durante tres anos do 30% da cota** por continxencias comúns de cobertura

obligatoria, a favor das persoas cotitulares de explotacións agrarias, sempre que se tratase de persoas menores de 40 anos e que o seu ou a súa cónxuxe cotitular dunha explotación agraria, estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.

A Consellería de Traballo, tendo en conta que nos últimos anos os ingresos das explotacións agrarias galegas estiveron moi por debaixo da media do Estado e da maioría das comunidades autónomas, o que dificulta unha segunda cotización á Seguridade Social, especialmente nas explotacións familiares, **estableceu unha segunda redución do 20% que complementa o 30% acordada polo Estado, o que sitúa a redución no 50% da cota** por contingencias comúns de cobertura obrigatoria.

Desta medida pódense beneficiar as persoas cotitulares de explotacións agrarias galegas, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, que cumpran os requisitos establecidos na Orde da Consellería de Traballo do 15 de maio de 2006. **Polo que somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que adopte o seguinte **ACORDO**:

Que o Concello de Miño realice unha campaña informativa nas distintas parroquias nas que a medida teña incidencia, co fin de informar os titulares das explotacións agrarias da posibilidade de acollerse á redución do 20% da cota por contingencias comúns de cobertura obrigatoria, establecida pola Consellería de Traballo para as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, que cumpran os requisitos esixidos na Orde da Consellería de Traballo do 15 de maio de 2006.”

Ao non estar incluído este asunto na orde do día da sesión, a Presidencia somete a votación a urxencia e esta é aprobada por unanimidade.

A Alcaldía sinala que imos facer un escrito para informar a veciñanza interesada sobre isto e a moción é aprobada nos seus propios termos por unanimidade.

- O Sr. Abreira, concelleiro do BNG, dá lectura á seguinte moción:

“No Concello de Miño segundo datos estatísticos do padrón municipal entorno ao 30% do veciños non son nados neste Concello. Deste 30% unha boa marxe son persoas inmigrantes procedentes dos estados latinoamericanos. A situación deste colectivo está regularizada ao 100%, o que lles provoca problemas de integración nomeadamente aos fillos e fillas deste colectivo.

Tampouco se pode deixar de citar o feito de que moitas das prostitutas da zona teñen a súa residencia no noso Concello, formando parte deste colectivo que chama a atención pola convivencia normal que realizan cos veciños e veciñas de Miño.

Desde o BNG estamos moi sensibilizados por estes colectivos e entendemos que os servizos sociais deben prestar unha especial atención á súa problemática para deste xeito seguir mantendo unha boa convivencia e evitar problemas no futuro.

Por todo ilo
PROPONSE

Que o Concello de Miño poña en funcionamento unha oficina municipal que se encargue de:

1º.- Informar e asesorar ao colectivo de inmigrantes sobre os seus dereitos e obrigas.

2º.- Tramitar a documentación diante das diferentes administracións relativa á regularización e solicitude de prestacións e servizos aos que teñen dereito.

3º.- Facer estudos sociolóxicos sobre estes colectivos.

4º.- Velar por unha correcta escolarización dos fillos e fillas pertencentes a este colectivo.

5º.- Impartir cursiños dirixidos á integración deste colectivo na cultura de Galiza.

6º.- Dar a coñecer a cultura propia dos estados deste colectivo entres os veciños e veciñas do Concello de Miño.”

Sometida a votación a urxencia da moción, ao non estar incluída na orde do día, esta é aprobada por unanimidade entrando a debatela.

A Alcaldía-Presidencia indica que chega tarde con este problema, xa estamos co equipo de servizos sociais facendo algo e estamos traballando con este colectivo cos medios dos que dispoñemos; cando se monta un programa, para realizalo ten que haber financiamento e no momento actual a terceira parte do financiamento nestas actuacións pono o Concello, e sen ter moitos medios económicos estamos traballando e hai unha asociación coa que o noso grupo está traballando, porque entendemos que é moi necesario que se aprobe un programa de actuación co financiamento axeitado.

Replica o Sr. Abreira que xa sabe que algo está facendo os servizos sociais do Concello e requírese o apoio de Presidencia, xa que Miño ten unha problemática que debe resolver, polo que o voto negativo a esta moción non ten sentido e non critique tanto o actual goberno da Xunta, que soamente leva once meses gobernando. A Presidencia contesta que imos primeiro buscar financiamento e logo actuaremos ao respecto.

O Sr. Cortizas Rodríguez sinalou que imos tentar axudar neste problema.

Sometida a votación a moción presentada, fano a favor os concelleiros Sres. Abreira do BNG e Cortizas do PSG-PSOE e Laya Carril que suman tres votos e en contra os nove membros restantes que asisten á sesión polo que queda desestimada.

- O Sr. Abreira do BNG dá lectura ao seguinte escrito: “O antigo colexio de Gallamonde está sendo na actualidade usado en parte pola escola taller. En dito edificio existe espazo en desuso que é un desperdicio non empregar dalgunha forma.

Por outra banda é preciso dicir que o Concello de Miño carece de iniciativa empresarial e que son mui poucas as empresas que inician a súa andadura ao longo dun ano. Este feito pode deberse á falta de apoios das distintas administracións e á falla de cultura emprendedora na sociedade galega que pode subsanarse se desde o Concello de miño mimamos e apoiamos de xeito decidido as persoas que teñan inquedanzas de montar empresas.

Por todo o antedito

PROPONSE

Que o Sr. alcalde faga os trámites necesarios para criar un viveiro de empresas na antiga escola de Gallamonde en base ás seguintes actuacións:

a.- Facer as obras necesarias para que nas dependencias do antigo colexio de Gallamonde se poidan instalar empresas de recente creación.

b.- Desenrolar e elevar ao Pleno do Concello para que sexa aprobado por unanimidade un regulamento de cesión e taxas (simbólicas) pola ubicación das empresas de recén creación do Concello de Miño nas dependencias do antigo colexio de Gallamonde.

c.- Difundir a cultura emprendedora entre os veciños e veciñas de Miño.

d.- Informar a toda as persoas que o demanden das axudas e apoios das distintas administracións para a posta en marcha de proxectos emprendedores.”

A Presidencia somete a votación a urxencia, ao non estar incluída na orde do día, e fano a favor os concelleiros Sres. Abreira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE; Laya Carril que suman tres votos e en contra os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda desestimada.

- O mesmo concelleiro dá lectura ao seguinte escrito: “No prego que rexiu a adxudicación do desenrolo urbanístico e a construción dun campo de golf en Perbes previase que no caso de proceder ás expropiacións, a empresa beneficiada da expropiación (FADESA) debería entregarlle ao Concello un aval pola diferenza entre a súa valoración económica dos terreos e a valoracións dos propietarios.

Na actualidade segundo a información que obra en poder deste concelleiro a empresa FADESA non apresentou dito aval pero si apresentou un contencioso por este motivo diante do xulgado competente.

Por todo ilo

Proponse

Que o Sr. alcalde dea un prazo máximo de 20 días para que a empresa FADESA presente diante do Concello de Miño un aval pola diferenza entre a valoración feita por FADESA e a feita polos propietarios nos expediente remitidos ao Tribunal de expropiación.”

Sometida a votación a urxencia, é aprobada por unanimidade e éntrase a debater o asunto.

A Alcaldía-Presidencia manifestou que o Xurado de Expropiación xa se reuniu e puxo prezo ás propiedades dos que acudiran a dito órgano e o prezo é o mesmo que fixou o Concello, así que non sei de que aval fala vostede, incluso o Xurado xa efectuou algunha comunicacións aos propietarios. Replica o Sr. Abaira que descoñece esa comunicación; quizais, di, vostede teña información privilexiada, a empresa, continúa, ten que poñer o aval, pois contra a decisión do Xurado os propietarios aínda poden ir ao contencioso-administrativo.

Sométese a votación a moción presentada e fano a favor os concelleiros Sres. Abaira Sobrado do BNG e Laya Carril, abstense o Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e votan en contra os nove membros restantes que asisten á sesión, polo que queda desestimada.

- O mesmo concelleiro Sr. Abaira do BNG dá lectura ao seguinte escrito: “Con data 20-04-06 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza demoledora contra o Goberno Municipal de Miño no seu proceder na adxudicación e elección do sistema de actuación da urbanización e construción dun campo de golf na parroquia de Perbes.

Dita sentenza que é recurrible e parece ser que así o foi por ambas partes considera que a premura que se fixo a adxudicación non estaba motivada polo que a adxudicación é irregular. Dado que esta sentenza esta recurrida e que tardara varios anos en resolverse e que para entón a mentada urbanización e campo de golf estarán rematados os afectados só poden aspirar a conseguir unha indemnización dun 25% máis do valor das súas propiedades.

Tendo en conta o dito anteriormente e unindo esta proposta á moción presentado xusto antes

PROPONSE

Que o Sr. alcalde paralise cautelarmente as obras de urbanización e construción de vivendas, edificios e campo de golf por parte de FADESA mentras dita empresa non presente un aval que garante que os propietarios van poder cobrar a indemnización do 25% a que teñen dereito no caso de confirmarse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes, éntrase no seu debate e votación. A Presidencia sinala que se pide a paralización das obras e isto non ten sentido, nesa sentenza declárase válido o PXOM, o Plan parcial e a expropiación e o único que non declara axustado a dereito é a adxudicación, e, como esta sentenza non é firme, foi recorrida, a paralización sería unha barbaridade, non sei que interese ten vostede en que se paralicen as obras nin a quen beneficia, aos obreiros que traballan nas obras e aos hostaleiros que se benefician do consumo das persoas que traballan; vostede, di, non está ben da cabeza, pode facer teatro que para iso ten un público que o aplaude como a calquera artista, pero asegúrolle que esa estratexia non é a correcta; os propietarios xa pediron unha suspensión cautelar das obras e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia denegoulla, o que está facendo é unha actuación teatral e pedir isto é unha completa irresponsabilidade.

Replica o Sr. Abreira dicindo que a prepotencia exércese dende o poder, non dende a oposición, eu móvome por motivos políticos, vostede por motivos económicos; isto non beneficia aos que traballan nas obras, pero eu non fun elixido para isto, senón para defender os veciños, se dentro de catro ou cinco anos hai unha sentenza que ten a empresa que pagar ademais un 25%, é lóxico que isto estea asegurado, xa que doutro forma nalgún caso cobrarano os fillos dos donos actuais.

O Sr. alcalde replica dicindo que vostede aprobou o proxecto de expropiación, teño unha acta que así o di, vostede foi ver a Manuel Jove e pediulle que levara este desenvolvemento por expropiación. Prodúcese un intercambio de palabras entre a Presidencia e o Sr. Abreira e este manifesta que o BNG non minte e dígolle que estaba de acordo con este proxecto, pero non nestes momentos pola forma na que se pagaron os predios, algúns non cobraron e estarán esperando con esta actuación do Concello a que cobren os seus fillos. A Presidencia contesta, hai predios que non acreditan con certeza a titularidade e non se pode proceder á devolución dos depósitos, xa que segundo a lei o Concello debe absterse, resolvéronse favorablemente 8 solicitudes de devolución de depósitos, hai un grupo de predios que os servizos municipais non son capaces de identificar e estamos á espera de que a beneficiaria as identifique, algún propietario foi requirido para que presente documentación e hai algunhas con controversia sobre a titularidade, así que tanto teatro non lle vale, día a verdade, xa está ben de tanta actuación teatral, é vostede un mal actor. Replica o Sr. Abreira dicindo: vostede minte, presénteme algunha acta do Pleno na que figure que eu votei a favor, outro cousa serán as comisións, que non vinculan, non sei como non lles cae a cara de vergoña, vostede é un pepeísta vinculado ao Opus Dei, cuxo mentor é o Sr. Romay Beccaria e pensa que os do Bloque non podemos falar cos empresarios, fomos cun deputado falar en relación co campo de golf e os problemas que traerá polos herbicidas e pesticidas a utilizar, solicitóuselle que, a poder ser, fíxese unha urbanización bonita, que fíxesen un hotel de catro estrelas e que debería haber un 20% de vivendas de protección oficial, o BNG non está *a priori* en contra dos campos de golf, nin dos aeroportos, pero iso non significa que non estea ao lado dos veciños.

O concelleiro Sr. Cortizas do BNG sinalou que a moción do BNG non beneficia a ninguén, polo que votará en contra.

A Presidencia somete a votación a moción e fano a favor os concelleiros Sres. Abreira do BNG e Laya Carril que suman dous votos e en contra os dez membros restantes, polo que queda desestimada.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro Sr. Abreira do BNG formula as seguintes preguntas:

“Cando pensa a alcaldía dar información das liñas básicas da modificación do PXOM? Pensa a alcaldía elevar a aprobación provisional a reforma do PXOM en pleno período de vacacións?”

Cando pensa a alcaldía cumprir coa obriga de respostar as preguntas feitas por este concelleiro en anteriores plenos? Cando pensa responder a pregunta se afecta aos expropiados de Fadesa feita no Pleno anterior?

Considera a alcaldía que os insultos verquidos por Juan Herva contra os veciños e veciñas de Miño na carta enviada por mor da súa dimisión como presidente da AA VV Xario son de recibo nun representantes municipal?

A alcaldía comprometeuse a incluír o galego nas páxinas de internet do Concello de Miño para deste xeito cumprir coa lexislación vixente. Cando pensa a alcaldía cumprir co seu compromiso?

En que estado se atopa a comisión de investigación que fixo vostede en pleno que ía criar para investigar os eu patrimonio e o de Juan Herva?

A Presidencia responde que se lle contestará por escrito.

- O concelleiro Sr. Cortizas do PSG-PSOE formula as seguinte preguntas:

1º- Sr. alcalde, estamos a escasos días da tempada de verán, e coma pasa tódolos anos e este non vai ser menos, as rúas de Miño sofren a diario constantes atascos e deficiencias na circulación e nas zonas de estacionamento ¿teñen pensado vostedes adoptar algunha medida cara a estes problemas ¿coma podía ser o servizo de grúa para retirada de vehículos?

A Presidencia sinala que se lle contestará por escrito.

2º.- Referente á área de aparcamento e ocio que se vai desenvolver na zona da Galea ¿hai algunha empresa a día de hoxe interesada en executar as obras ?

A Presidencia contesta que se adxudicaron as obras e estamos á espera de que se inicien.

3º.- Sr. alcalde, hai poucos días parece ser que un neno dos que frecuentan a gardería municipal sufriu un accidente ao caer da pasarela de acceso ás dependencias ¿tomaron vostedes xa algunha medida o respecto para evitar posibles accidentes no futuro?

O Sr. alcalde responde que non sabe a causa do accidente e como se produciu, pois quizais tivo un ataque epiléptico, pois non é explicable.

- O concelleiro Sr. Cortizas formula os seguintes rogos:

- Para que se desconecten polas noites contribuindo así á eliminación da contaminación luminosa, os focos aló xenos que iluminan o mar nas praias: praia grande de Miño e praia de Perbes, e que só se lles dea o seu uso cando nestes areas se desenvolvan actividades deportivas.

- Infórmese á empresa responsable das augas para que busque solución aos malos cheiros que se desprenden das canalizacións de augas pluviais ou saneamento da rúa Real.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesións ás vinte e dúas horas e quince minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,